



FEDERACIÓN
GALEGA DE
VOLEIBOL

SOLICITUDE FASES FINAIS FGVB

MARZO 2022

#VoleiGalego



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO





1. DATAS DE CELEBRACIÓN

As seguintes fases finais dos Campionatos Galegos teñen as mesmas condicións de organización. As solicitudes dentro dunha mesma categoría serán independentes para masculino e feminino.

COMPETICIÓN	DATA TOPE SOLICITUDE	DATA
F.F. Campionato Galego Sénior Feminino	24/05/22	05/06/22
F.F. Campionato Galego Sénior Masculino	23/05/22	04/06/22
F.F. Campionato Galego Júnior Feminino	19/04/22	01/05/22
F.F. Campionato Galego Júnior Masculino	18/04/22	30/04/22
F.F. Campionato Galego Xuvenil Feminino	12/04/22	24/04/22
F.F. Campionato Galego Xuvenil Masculino	11/04/22	23/04/22
F.F. Campionato Galego Cadete Feminino	03/05/22	15/05/22
F.F. Campionato Galego Cadete Masculino	02/05/22	14/05/22
F.F. Campionato Galego Infantil Feminino	04/04/22	10/04/22
F.F. Campionato Galego Infantil Masculino	04/04/22	09/04/22
F.F. Campionato Galego Alevín	25/04/22	07/05/22
F.F. Campionato Galego Benxamín	09/05/22	21/05/22

2. SOLICITUDES

- As entidades interesadas na organización de algún/s dos Campionatos Galegos/Copas Galicia, Deberán presentar a súa candidatura na FGVb, mediante o anexo II, utilizando un para cada solicitude.
- As solicitudes (anexo II) deberán ser remitidas á FGVb polo Organizador á dirección de correo electrónico: Este formulario remitirase por correo electrónico: correo@volei.gal con copia a competitions@volei.gal. acompañada da oferta hostaleira.



- As solicitudes incompletas, por falta de datos importantes, poderán quedar excluídas no proceso de adxudicación.
- Non se poderán celebrar dúas fases finais no mesmo día.
- Para a adxudicación a FGVb terá en conta a puntuación obtida por cada solicitude, e farase no orde de celebración das mesmas.
- A adxudicación da Fase Final farase oficial nas 48 horas posteriores á data límite de presentación de solicitudes.
- Un solicitante poderá renunciar á adxudicación nas 24 horas seguintes á comunicación da mesma unicamente no caso de que a data de celebración adxudicada sexa diferente á indicada na solicitude. Tamén se aceptarán renuncias cando aínda non se publicase a adxudicación e o solicitante non poida participar na Fase Final o non lograr a clasificación.
- Se concluíra o prazo fixado para a solicitude das diferentes sedes sen existir ningunha ou estas non cumpriran os requisitos mínimos contemplados nestas Bases, a FGVb, sen mediar unha nova convocatoria, negociará libremente a adxudicación das sedes nas condicións que estime oportunas e sen necesidade de axustarse ao contido destas bases.

3. CONDICIÓNS ECONÓMICAS

Se o solicitante non é un club que participe na fase final farase cargo dun Canon de Organización mínimo de **600,00€** a favor da FGVb. Esta cantidade debe ser ingresada, mediante transferencia bancaria na FGVb no prazo de 7 días dende a adxudicación da organización, e en todo caso sempre antes do inicio da fase final. A transferencia realizarase á conta ES71 0081 0499 6400 0137 8440 BANCO DE SABADELL.

4. CONDICIÓNS ORGANIZATIVAS

Os encontros de semifinais xogaranse pola mañá, ás 10:00 e ás 12:00, e o 3º e 4º posto e a final o pola tarde, ás 17:00 e ás 19:00, respectivamente. O equipo organizador terá preferencia para elixir o horario da súa semifinal. Os gastos dos custes arbitrais serán por conta dos equipos participantes e incluídos na correspondente liquidación de custes arbitrais.

O campo de xogo deberá ser pechado e cuberto, co chan de madeira, material sintético ou outros autorizados previamente pola FGVb. A distancia mínima ao primeiro obstáculo deberá ser de 5 m pola liña de fondo e 3 m polas laterais. A altura mínima debe ser de 7 m.

A Federación Galega de Voleibol, co fin de homoxeneizar os eventos e dotalos dunha calidade organizativa que favoreza o desenvolvemento, asegure a súa calidade e proporcione



visibilidade aos patrocinadores dos mesmos, solicitará aos clubs organizadores determinadas condicións.

As categorías nas que se basearán os criterios de adxudicación serán os de calidade organizativa, promoción e difusión e seguridade, tendo que alcanzar uns mínimos en todos eles para optar á celebración do evento solicitado.

Equipamento necesario obrigatorio

Para o correcto desenvolvemento destas Fases Finais, será obrigatorio por parte dos clubs solicitantes asegurar o seguinte material:

- Unha mesa e cadeiras para o anotador, o encargado do marcador e o delegado federativo, se o houbera.
- A ambos lados da mesa de anotación e a unha distancia mínima de tres metros e paralelas á liña que delimita o terreo de xogo, cadeiras ou bancos para os xogadores suplentes, adestradores e persoas autorizadas .
- Medios de separación entre o terreo de xogo e o público, coas debidas medidas de seguridade para o equipo arbitral e o visitante.
- Elementos de separación entre as diferentes pistas de xogo.
- Unha cadeira plataforma para o primeiro árbitro.
- 14 balóns por pista de xogo (modelo segundo normas de competición).
- Rede de xogo de cor negra e antenas coas medidas oficiais.
- Marcadores manuais.
- Caixa de primeiros auxilios.
- Outros elementos cualificados como obrigatorios na normativa da FGVb.
- É obrigatoria a utilización de proteccións nos postes e nas cadeiras arbitrais co fin de evitar lesións.
- Vestiarios independentes para cada equipo, atendendo as condicións da normativa sanitaria aplicable no momento da celebración da F.F.
- Equipamento de seguridade e prevención inventariable no desenrolamento da actividade deportiva oficial como consecuencia da COVID-19, co fin de que organizador local siga o protocolo que no momento da celebración a Federación teña validado pola Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

Oferta Hostaleira

Equilibrada na súa relación calidade-prezo, deberá ser como mínimo para 16 persoas (por equipo participante) e estar selada polo negocio no que se oferte, dando facilidades coma o



número de contacto ou a data límite de contratación para que os equipos se poñan en contacto co mesmo e fagan eles mesmos a súa reserva.

5. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

A FGVb quere asegurar unha calidade mínima a través da implantación dun modelo tipo de evento, que faga recoñecible ao Volei Galego e ás súas competicións de agora en diante. Nesta nova etapa de organización das Fases Finais teranse en conta os seguintes criterios:

A) CALIDADE ORGANIZATIVA

Coma no modelo anterior de organización das Fases Finais, terase en conta o historial de organización de eventos por parte da entidade solicitante, así coma a súa clasificación na presente temporada.

Da mesma forma, a partires desta tempada serán obrigatorios os seguintes elementos para presentar a candidatura á organización destas fases finais:

- Voluntarios para colaborar na organización.
- Recolle-balóns.
- Proposta de oferta hostaleira.
- Espazo habilitado para delegado federativo, prensa e zona de atención médica.
- Zona de autoridades cerrada na grada.

Outros aspectos a valorar pola FGVb en canto a calidade organizativa serán os seguintes:

- Aportación económica (a repartir entre os equipos participantes).
- Superficie de xogo (madeira, sintético, tarima flotante).

B) PROMOCIÓN E DIFUSIÓN

O coidado e atención dos patrocinadores, así coma a heteroxeneidade dos eventos serán un paso importante na mellora da organización das Fases Finais, sendo obrigatorios para a tempada 21/22 os seguintes elementos:

- Marcador electrónico.
- Peche do perímetro da pista.
- Fotógrafo
- Retransmisión por streaming da final do evento.

Do mesmo xeito, os clubs organizadores comprometeranse a realizar as seguintes tarefas para favorecer a difusión das Fases Finais. Por todo isto, terán as seguintes obrigacións de cara á



presenza en redes sociais e diferentes medios, sempre ca axuda do departamento de Comunicación da FGVb :

- Envío de fotos e vídeos antes, durante e despois do evento á Federación, segundo indicacións do “*Guía de imaxe para eventos FGVb*” proporcionado pola Federación.
- Realizar o reparto de espazos do evento segundo a “*Guía de imaxe para eventos FGVb*”.
- Seguir o protocolo de premiación estipulado pola Federación.
- Utilización das etiquetas oficiais (hashtag) así coma mencións aos patrocinadores na súas redes sociais.
- Espazos reservados para patrocinadores e actos publicitarios.

Valoraranse tamén as seguintes aportacións nas candidaturas á organización dos eventos:

- Megafonía.
- Locutor.
- Datavoley.
- Streaming de todo o evento.

C) SEGURIDADE DO EVENTO

Co fin de asegurar aos deportistas, técnicos, árbitros e asistentes aos eventos, os clubs deberán seguir obrigatoriamente certos aspectos relacionados ca seguridade nas Fases Finais. Ademais do protocolo FISICOVID DXT Galego da Federación Galega de Voleibol estipulado para a competición de pista na temporada 21-22, deberán de contar nos seus pavillóns co seguinte:

- Material de atención médica (botiquín).
- Material sanitario obrigatorio segundo o Protocolo FISICOVID DXT Galego.
- Instalación que cumpra os requisitos do Protocolo FISICOVID DXT Galego.
- Plan de evacuación e seguridade do evento.

De novo, se valorarán os seguintes criterios:

- Servicios médicos (médic@, enfermeir@ e/ou fisioterapeuta colexiado)
- Presenza de protección civil
- Vixilancia e seguridade: policía local ou seguridade privada.

6. COMPROMISOS E SANCIÓN

Este documento supón un compromiso de organización por parte da entidade solicitante, si o campionato lle fora adxudicado.



A entidade solicitante manifesta coñecer as bases específicas de competición así como as datas e os requisitos técnicos e de organización dos Campionatos solicitados.

Se o campionato é asignado a esta solicitude, a entidade organizadora farase cargo de todos os gastos de organización que se recollen nas bases, así como de todas as melloras as que se comprometa nos criterios de adxudicación. En caso de incumprimento imporáselle unha sanción equivalente ao canon de organización (600€) e ademais non poderá organizar ningún outro evento da FGVb nos seguintes tres anos.

Utilizarase un formulario para cada competición que se solicite organizar.

Este formulario remitirase por correo electrónico: correo@volei.gal con copia a competitions@volei.gal.

Os seguintes criterios unicamente se valorarán se compren os requisitos esixidos:

- Datavolley (Ten que ser operado por unha persoa certificada pola RFEVB e ao remate de cada partido hai que enviar o ficheiro e facilitar unha copia en papel a cada un dos catro equipos participantes na fase final).
- Servizo médico (Ten que ser prestado por un médico medic@, enfermeir@ e/ou fisioterapeuta colexiado). Ten que estar no pavillón a disposición da competición durante a celebración de todos os partidos)



FEDERACIÓN
GALEGA DE
VOLEIBOL

FASES FINAIS FGVB

21
-
22

***Información para a solicitude de organización na presente
tempada das Fases Finais de 1ª Senior, Xúnior, Xuvenil, Cadete,
Infantil, Alevín e Benxamín.***

#VoleiGalego

ASPECTOS OBRIGATORIOS

CALIDADE ORGANIZATIVA

- VOLUNTARIOS PARA COLABORAR NA ORGANIZACIÓN CLARAMENTE IDENTIFICADOS:
 - PERSOAL PARA O CONTROL DO ACCESO DURANTE TODA A COMPETICIÓN.
 - RESPONSABLE DE PISTA PARA CUBRIR AS POSIBLES NECESIDADES DOS EQUIPOS PARTICIPANTES, ÁRBITROS OU REPRESENTANTES DA FEDERACIÓN DURANTE A COMPETICIÓN.
 - RESPONSABLE PALCO, CONTROLANDO O ACCESO E SITUANDO/ATENDENDO AS AUTORIDADES PRESENTES DURANTE TODA A COMPETICIÓN.
 - PERSOAL PARA A CERIMONIA DE PREMIACIÓN (MÍNIMO 2 PERSOAS).
- RECOLLE-BALÓNS DURANTE TODA A COMPETICIÓN (3 PERSOAS).
- PROPOSTA DE OFERTA HOSTALEIRA.
- ESPACIO HABILITADO PARA DELEGADO FEDERATIVO, PRENSA E ZONA DE ATENCIÓN MÉDICA.
- ZONA DE AUTORIDADES CERRADA NA GRADA.

PROMOCIÓN E DIFUSIÓN

- MARCADOR ELECTRÓNICO.
- PECHE CONTORNA DA PISTA.
- RETRANSMISIÓN POR STREAMING DA FINAL.
- FOTÓGRAFO.
- ESPAZOS PARA PATROCINADORES DO EVENTO.

SEGURIDADE

- MATERIAL DE ATENCIÓN MÉDICO (BOTIQUÍN).
- INSTALACIÓN QUE CUMpra OS REQUISITOS DO PROTOCOLO FISICOVID DXT GALEGO.
- PLAN DE EVACUACIÓN E SEGURIDADE DO EVENTO.

Firma do responsable

Selo do Club

Nome do responsable:

Data:

ASPECTOS PUNTUABLES

CALIDADE ORGANIZATIVA

- TER ORGANIZADO O CLUB UNHA FASE FINAL.
- TER ORGANIZADO NA LOCALIDADE UNHA FASE FINAL DA MESMA CATEGORÍA.
- TER SOLICITADO ALGUNHA FASE FINAL NON CONCEDIDA NOS ÚLTIMOS CATRO ANOS.
- TER ADXUDICADO O CLUB UNHA FASE FINAL NA TEMPORADA ACTUAL.
- CLASIFICACIÓN DO EQUIPO SOLICITANTE NA PRIMEIRA FASE DA COMPETICIÓN.
- APORTACIÓN ECONÓMICA.
- SUPERFICIE DE XOGO (SINTÉTICO, MADEIRA, TARIMA FLOTANTE).

PROMOCIÓN E DIFUSIÓN

- MEGAFONÍA: MÚSICA AMBIENTE NAS PAUSAS DOS ENCONTROS
- LOCUTOR: PRESENTACIÓN E ANIMACIÓN DURANTE O ENCONTRO
- DATAVOLLEY
- STREAMING DE TODO O EVENTO
- PHOTOCALL ESPECÍFICO DO EVENTO

SEGURIDADE

- SERVICIOS MÉDICOS (MÉDICO, ENFERMEIRO E/OU FISIOTERAPEUTA COLEXIADO)
- PRESENZA DE PROTECCIÓN CIVIL
- VIXILANCIA E SEGURIDADE: POLICÍA LOCAL OU SEGURIDADE PRIVADA

Firma do responsable

Selo do Club

Nome do responsable:

Data:

FOLLA DE SOLICITUDE

COMPETICIÓN

	MASCULINA	FEMININA
• F.F. CAMPIONATO GALEGO SENIOR 1ª	☐	☐
• F.F. CAMPIONATO XÚNIOR 1ª	☐	☐
• F.F. CAMPIONATO GALEGO XUVENIL 1ª	☐	☐
• F.F. CAMPIONATO GALEGO CADETE 1ª	☐	☐
• F.F. CAMPIONATO GALEGO INFANTIL 1ª	☐	☐
• F.F. CAMPIONATO GALEGO ALEVÍN	☐	☐
• F.F. CAMPIONATO GALEGO BENXAMÍN	☐	☐

DATOS DO ORGANIZADOR

- ORGANIZADOR (CLUB)
- DIRECCIÓN
- LOCALIDADE
- TELÉFONO..... CORREO ELECTRÓNICO
- PERSOA RESPONSABLE DA ORGANIZACIÓN
- PERSOA RESPONSABLE DE COMUNICACIÓN E PRENSA
- Nº TELÉFONO PERSOA RESPONSABLE DE COMUNICACIÓN E PRENSA

DATOS DA INSTALACIÓN:

- NOME DA INSTALACIÓN
- LOCALIDADE.....
- Nº CAMPOS.....TELÉFONO
- PERSOA RESPONSABLE DA INSTALACIÓN

Firma do responsable

Selo do Club

Nome do responsable:

Data:

ASPECTOS VARIOS

TER ORGANIZADO O CLUB UNHA FASE FINAL.

ANO PASADO
(0 puntos)

☐

FAI 2 ANOS
(50 puntos)

☐

FAI 3 ANOS
(75 puntos)

☐

FAI 4 ANOS OU +
(100 puntos)

☐

TER ORGANIZADO NA LOCALIDADE UNHA FASE FINAL DA
MESMA CATEGORÍA.

ANO PASADO
(0 puntos)

☐

FAI 2 ANOS
(50 puntos)

☐

FAI 3 ANOS
(75 puntos)

☐

FAI 4 ANOS OU +
(100 puntos)

☐

TER SOLICITADO ALGUNHA FASE FINAL NON CONCEDIDA
NOS ÚLTIMOS CATRO ANOS.

UNHA SOLICITUDE
(25 puntos)

☐

2 SOLICITUDES
(50 puntos)

☐

3 SOLICITUDES
(75 puntos)

☐

4 OU + SOLICITUDES
(100 puntos)

☐

TER ADXUDICADO O CLUB UNHA FASE FINAL NA
TEMPORADA ACTUAL.

NON
(0 puntos)

☐

SÍ
(-200 puntos)

☐

CLASIFICACIÓN DO EQUIPO SOLICITANTE NA PRIMEIRA
FASE DA COMPETICIÓN.

CUARTO
(0 puntos)

☐

TERCEIRO
(50 puntos)

☐

SEGUNDO
(75 puntos)

☐

PRIMEIRO
(100 puntos)

☐

APORTACIÓN ECONÓMICA.

POR CADA 5 €
(1 puntos)

APORTACIÓN DE _____ € / 5 X 1 PUNTO

SUPERFICIE DE XOGO .

MADEIRA
(50 puntos)

☐

SINTÉTICO
(75 puntos)

☐

TARIMA FLOTANTE
(100 puntos)

☐

PROMOCIÓN E DIFUSIÓN

(Mínimo 10 puntos)

MEGAFONÍA: MÚSICA AMBIENTE NAS PAUSAS DOS
ENCUNTROS

NON
(0 puntos)

☐

SÍ
(5 puntos)

☐

LOCUTOR: PRESENTACIÓN E ANIMACIÓN DURANTE O
ENCUNTRO

☐
☐

DATAVOLLEY

☐
☐

STREAMING DE TODO O EVENTO

☐
☐

SEGURIDADE

(Mínimo 10 puntos)

SERVICIOS MÉDICOS (MÉDICO, ENFERMEIRO
E/OU FISIOTERAPEUTA COLEXIADO)

NON
(0 puntos)

☐

SÍ
(10 puntos)

☐

PRESEZA DE PROTECCIÓN CIVIL

☐
☐

VIXILANCIA E SEGURIDADE: POLICÍA LOCAL OU SEGURIDADE
PRIVADA

☐
☐

TOTAL

Selo do Club

Firma do responsable

Nome do responsable: